

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
10 DECEMBRO 2023

**Se te equivocas de dirección,
cambia e busca o Norte**

1. Ver: Construimos o compás de Advento

- Continuamos elaborando o **panel** que nos propón Fano para este Advento. O domingo pasado empezabamos a **construír o compás que nos oriente** cara ao “verdadero Nadal”. Colocabamos o **NORTE**, que é Xesús, co compromiso de estar atentos orando para non desviarnos. Hoxe tócanos colocar o **SUR**.

***Tedes mellorado na oración?
Axudouvos a encontrar o Norte?***

2. XULGAR: Se te perdes, cambia de rumbo

- O evanxeo deste domingo preséntanos a Xoán Bautista baixando ao deserto, bautizando e predicando a conversión: ***“Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus carreiros”***». Anuncia que vai vir o Salvador: ***“Eu bautízovos con auga, El con Espírito Santo”***.

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- A semana pasado queríamos **estar moi atentos** buscando o Norte que é Xesús, sobre todo a través da oración. Pero tantas veces nos despistamos, perdémonos, andamos desorientados

e mesmo collemos a dirección contraria e **en vez ir cara a Norte imos cara ao Sur.**

- **Xoán Bautista**, hai dous mil anos, vai ao deserto, onde todo é segura, falta de vida, e anuncia a aquela xente desorientada, como atopar a Xesús, o que é salvación, a vida, o camiño verdadeiro... Dilles como Isaías: *“preparade o camiño ao Señor, endereitade os seus carreiros...”*. **Que lles estará pedindo?** Que deixen o que os aparta de Deus, **que se CONVERTAN**, que cambien de rumbo nas súas vidas. Que nos aparta do Norte, de Xesús? Que nos impide celebrar o “verdadero Nadal”?
- Se nos fixamos no **debuxo de Fano, no Sur**, descubrimos 5 nenos e un maior (podería ser Xoán Bautista). E ademais vemos a candeia e a auga, dúas alusións ao bautismo: *“Eu bautízovos con auga, **El con Espírito Santo**”*. O bautizado é consciente da súa auga (as súas limitacións), pero sabe que conta cunha forza (o Espírito) para vivir con fe (cirio).

Que obstáculos vexo para que Xesús chegue á miña vida? En que cambiarei?

3. ACTUAR: Facemos cambios na nosa vida

- Na casa seguimos cos preparativos: continuamos colocando o belén; tamén acendemos a **2ª candeia** da coroa de Advento (a da conversión) e rezamos a oración correspondente. Esta semana coloreamos día a día o *Sur no debuxo de Fano*: o ancián coa candeia, a pila con auga, cada neno (ao pintar a auga cambiamos algún defecto noso)...

Que cambios imos facer na nosa vida?

LECTURAS

ISAÍAS 40, 1-5. 9-11: *Preparádelle un camiño ao Señor.*

«Consolade, consolade o meu pobo —di o voso Deus—; falade ao corazón de Xerusalén, gritádelle, que se cumpriu o seu servizo e está pago o seu crime, pois da man do Señor recibiu dobre paga polos seus pecados».

Unha voz grita: «No deserto preparádelle un camiño ao Señor; achandade na estepa unha calzada para o noso Deus; que os vales se levanten, que montes e outeiros se abaixen, que o torcido se endereite e o escabroso se iguale. Revelarase a gloria do Señor, e verana todos xuntos —falou a boca do Señor—».

Súbete a un monte elevado, heraldo de Sión; alza forte a voz, heraldo de Xerusalén; álzaa, non temas, di ás cidades de Xudá: «Aquí está o voso Deus. Mirade, **o Señor Deus chega con poder** e co seu brazo manda. Mirade, vén con el o seu salario e a súa recompensa precédeo. Como un pastor que apacenta o rabaño, reúne co seu brazo os años e lévaos sobre o peito; coida el mesmo as ovellas que crían».

Palabra do Señor.

SALMO 84: R/. Móstranos, Señor, a túa misericordia e dános a túa salvación.

2 PEDRO 3, 8-14: *Esperamos uns ceos novos e unha terra nova.*

SAN MARCOS 1, 1-8: *Endereitádelle os carreiros do Señor.*

Narrador: Comeza o Evanxeo de Xesucristo, Fillo de Deus. Como está escrito no profeta Isaías:

Isaías: -«*Eu envío o meu mensaxeiro diante de ti, o cal preparará o teu camiño; voz do que grita no deserto: “Preparade o camiño do Señor, endereitade os seus carreiros”*».

Narrador: Presentouse Xoán no deserto bautizando e predicando un bautismo de conversión para o perdón dos pecados. Acudía a el toda a rexión de Xudea e toda a xente de Xerusalén. El bautizábaos no río Xordán e confesaban os seus pecados. Xoán ía vestido de pel de camelo, cunha correa de coiro á cintura e alimentábase de saltóns e mel silvestre. E proclamaba:

Xoán Bautista: - «***Detrás de min vén o que é máis forte que eu e non merezo agacharme para desatarlle a correa das súas sandalias. Eu bauticeivos con auga, pero el bautizaravos con Espírito Santo.***

Palabra do Señor.

(Narrador-Isaías-Xoán Bautista)